

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018380	IES O Carril	Vilagarcía de Arousa	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	2º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	11

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Este proxecto ter por obxecto as tarefas e técnicas de investigación dun asunto vencellado á Historia da contorna máis próxima, o tratamento posterior da información obtida e, finalmente, a divulgación da mesma a través de diferentes soportes e formatos. Neste curso 2023-24, aproveitando a efeméride do 150º aniversario da chega da do tren a Galicia, o centro de interese do proxecto competencial céntrase na Historia da primeira liña ferroviaria de Galicia, a que uniu Cornes co Carril. precisamente, esa vía vella aínda en uso conforma o linde Este do noso recinto escolar.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado no Carril, no concello de Vilagarcía de Arousa. O seu alumnado procede da parroquia do Carril, pero tamén doutras do mesmo municipio como Guillán, Bamio e Arealonga. Adscritos ao centro están os colexios de Primaria do Carril e o da Escardia ademais do CPI de Catoira. Polo tanto, o noso alumnado non é totalmente urbano pois boa parte das familias viven nun ámbito rural ou semiurbano. E por certo, para a xente desta bisbarra o tren é un medio de transporte interurbano máis que habitual.

Os dous grupos seleccionados de 2º ESO, están composto por 15 e 12 persoas respectivamente (as alumnas representan unha minoría fronte aos alumnos), con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 13 e os 14 anos. Entre esta rapazada, algunhas persoas presentan diferentes NEE.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Pasaxeir@s ao tren que chega ao Carril.	Cada grupo investigará arredor do fito histórico da chegada do tren a Galicia hai 150 anos e realizará un estudo dos aspectos vencellados á construción da primeira liña entre Cornes e O Carril.	25	11	X		
2	Boa e fructífera viaxe "O Carril-Cornes-O Carril".	Cada grupo acometerá tarefas de tratamento axeitado da información recollida para elaborar un produto de natureza informativa ou creativa a través do que se poida divulgar.	35	13		X	
3	Estrea no Carril	Cada grupo rematará a edición no soporte e formato escollido dunha produción que serva para divulgar a información recollida, seleccionada e elaborada que será obxecto dunha presentación ou estrea para o resto do alumnado.	40	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Pasaxeir@s ao tren que chega ao Carril.	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia no contexto galego, e no máis particular da nosa contorna, da construción da primeira liña ferroviaria galega entre ÇCornes e O Carril.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a artellar a planificación do proxecto de divulgación segundo o soporte e formato elixido.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar, analizar e tratar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar e distribuir tarefas entre os integrantes de cada equipo..		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Boa e fructífera viaxe "O Carril-Cornes-O Carril".	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Estrea no Carril	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentación ao público do produto divulgativo elaborado.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, tanto na presentación como na propia edición do produto elaborado.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica, así como as técnicas axeitadas para presentar ao público, e no seu caso, para elaborar o produto divulgativo elaborado.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas tanto na presentación como na propia edición do produto divulgativo elaborado.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar axeitadamente os recursos dixitais requeridos para a edición así como para a presentación do produto divulgativo elaborado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "A primeira liña ferroviaria galega entre Cornes e o Carril"

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. A finalidade é fomentar o interese pola lectura entendida en toda a súa amplitude (lectura de textos, hipertextos, imaxes...), a Historia da contorna próxima e as súas implicacións económicas, xeográficas e culturais, así como a arte e desenvolver a confianza, autoestima, autonomía e traballo en equipo. O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto: pescudar e buscar información sobre a historia da primeira liña ferroviaria de Galicia. Cada grupo deberá escoller o modelo ou soporte de divulgación (cartel, tríptico, presentación de diapositivas, podcast, vídeo, revista en pdf ou similar...) centrado nun aspecto concreto vencellado á construción da vía férrea Cornes-O Carril que poderá ser calquera destes ou outro similar:

- percorrido da primeira liña férrea O Carril-Cornes.
- Construción da primeira liña férrea O Carril-Cornes.
- As primeiras locomotoras que circularon pola vía férrea O Carril-Cornes.
- O Carril daquela.
- A Vilagarcía de Arousa daquela.
- Relacións entre O Carril e Compostela nos ámbitos da Historia, a cultura, a economía, a sociedade...
- Personaxes vencellados á historia do ferrocarril entre O Carril e Compostela.
- Creacións literarias e artísticas inspiradas nesta liña férrea.
- Construción e exhibición de maquetas de ferrocarril centradas en modelos máis ou menos antigos.
- Profesións vencelladas á construción da liña férrea.

- Oficios ferroviarios.
- Influencia do ferrocarril no desenvolvemento da nosa contorna
- ...

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar. Iniciarase nesta avaliación a selección de materiais cos que elaborar os diferentes produtos finais de divulgación dos aspectos traballados.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, levarase a cabo a produción do proxecto elixido previamente.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado, a través de estruturas cooperativas rematará a edición final do seu proxecto. Elaborarán tamén nesta etapa o guión para a súa presentación nun acto de estrea colectiva no que cada intervención terá unha duración máxima de 15 minutos.

Terán liberdade no emprego de materiais e modelos. O proxecto poderá ser difundido nunha breve presentación no ou polo centro, pero a través das canles de comunicación do instituto, moi destacadamente a través do blog da biblioteca.

Neste proxecto, trabállanse todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes materias:

- Matemáticas (xeometría no trazado de mapas e planos, deseño das escaletas de audio e vídeo, cálculo de diferentes dimensións e períodos temporais..).
- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Xeografía e Historia (espazos, lugares da contorna, personaxes vencellados á historia da vía cara o Carril historias e lendas...).
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...).
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación dos diferentes produtos divulgativos).
- Música e Danza (escollo da música para acompañar a banda sonora dos diferentes produtos divulgativos...).

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenadores
Colección catalogada da biblioteca
Espazo propio na Aula Virtual do centro

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado dun ordenador portátil para cada equipo e de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal. Un dos dous grupo/aula desenvolverá as sesións lectivas na biblioteca e agás o encerado tradicional contará co mesmo equipamento e a maiores co seu mobiliario e coa colección catalogada. O outro grupo pode empregar estes recursos da biblioteca en porque os traslade á aula a profesora ou porque o alumnado os leve emprestados.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	35	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Rexistro, presentación e entrega do dossier con toda a información recompilada.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Traballo en equipo. Asunción das responsabilidades establecidas segundo a temporalización acordada. Proceso de execución da elaboración ou edición do produto divulgativo seleccionado.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Remate da edición final do produto divulgativo elaborado e presentación ao público do mesmo.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avalíaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas ou tres avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non se contempla este caso.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto levarase a cabo sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.



## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade		X	X

### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas complementarias	Visitas ao MUFEVI e á exposición monográfica que conmemora o 150º aniversario da primeira liña férrea galega.	X		
Viaxe en tren	Visita ás estación de Padrón e Compostela		X	X
Presentación dos proxectos elaborados	Difusión informativa do proxecto.			X

### Observacións:

Presentación do proxecto na biblioteca para todo o alumnado de 2º ESO.  
 As actividades serán desenvolvidas segundo as disponibilidades e recursos do Centro.  
 Ao longo do curso será posible engadir actividades complementarias en función das propostas educativas e culturais organizadas polo propio Centro ou recibidas desde diferentes entidades privadas e organismos públicos que se axeiten a esta programación.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Participación activa de todo o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Clima de traballo na aula
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

#### Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das etodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles. O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflecte na normtativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

## 9. Outros apartados